

O PAPEL DOS INTELECTUAIS NA TRANSMISIÓN DE PROPAGANDA A TRAVÉS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN. O CASO DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE¹

Emma Torres Romay
Universidade de Vigo

1 INTRODUCCIÓN

A catástrofe do petroleiro Prestige nas costas galegas en novembro do 2002 pode ser analizada desde moi diversos puntos de vista tanto técnicos como sociais. Se nos situamos na perspectiva da comunicación os enfoques tamén poden ser moi variados. O primeiro, e máis evidente, sería realizar unha análise da xestión da información por parte das institucións, enmarcándoa no que sería un «plan de crise». Con todo, podemos suxerir unha análise alternativa que vaia máis aló e achegarnos aos contidos propagandísticos da información difundida durante o conflito.

Se entendemos propaganda como a difusión de mensaxes coa finalidade de atraer adeptos cara a unha ideoloxía ou forma de pensamento e que estes actúen en consecuencia, a propaganda sería o ingrediente fundamental para conseguir a mobilización da opinión pública en Galicia nesta catástrofe. Foron poucas as ocasións na historia da autonomía nas que a sociedade galega saíu á rúa en masa para protestar².

Esta mobilización foi posible debido á actuación dos medios de comunicación, que, como vertebradores da sociedade, serviron de canalizadores das mensaxes de protesta e das reivindicacións da sociedade. A influencia que exercen os medios de comunicación é determinante para establecer a existencia e a magnitude dunha catástrofe³ e o caso de Prestige non foi unha excep-

1. O traballo realizado sobre o Prestige enmárcase na investigación «A comunicación público-institucional no caso do Prestige», financiada pola Cátedra Xosé Filgueira Valverde.

2. A marcha pola defensa da democracia no 1981 ou a «guerra do fletán» no 1995.

3. Lozano Ascencio, Carlos «Comunicación social y catástrofe del *Prestige*. Reflexiones en torno a la imagen de un petrolero partido en dos» en *V Congreso Nacional de Periodismo Ambiental*. Madrid, 26 e 27 de novembro de 2003. Versión electrónica: www.ucm.es/info/mdcs/Prestige.pdf. Documento activo o 28/09/04.

ción. A prensa rexional e nacional foi a encargada de darlle o correspondente nivel de gravidade ao acontecemento.

Neste contexto desenvolveuse un movemento cultural e científico sen precedentes en Galicia. Os «intelectuais» puxéronlles voz ás demandas do pobo e apuntaron as críticas cara aos gobernos nacional e autonómico. Esta voz dos intelectuais foi fielmente recollida polos medios de comunicación, que, acompañándoa de información ampla e relatos humanos sobre a traxedia que se estaba a vivir, crearon un contexto mediático idóneo para a protesta e a mobilización social.

2 DELIMITACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO: OS INTELECTUAIS NOS MEDIOS ESCRITOS

2.1 *Os intelectuais como emisores. Definición*

A importancia do emisor na comunicación é crucial para que os fluxos se establezan correctamente. No caso da comunicación propagandística esta importancia é aínda maior porque non só vai determinar a mensaxe que se vaia emitir, senón que vai ser o que poña en marcha as técnicas persuasivas para a consecución dun obxectivo determinado. Estes emisores, cando se trata de propaganda, poden ser de moi diversos niveis e orixes, pero sempre deben ter unha característica básica: un alto nivel de credibilidade ante o público. Credibilidade que pode vir dada por factores externos, como a situación do emisor nun determinado momento, ou internos, como a formación do emisor. Este último sería o caso dos intelectuais, recoñecidos ante o público polo seu nivel cultural e a súa ampla formación.

Quizais sería precisa unha definición previa da idea de «intelectuais». Non obstante, para Golfard, a ambigüidade dos intelectuais como tales ao longo das distintas épocas e contextos condicionou unha posible definición científica do termo xa que, na maior parte dos casos, esta definición suporía desposuír da súa singularidade intrínseca os intelectuais. A pesar desta reticencia, o propio autor vai degrañando unha serie de ingredientes básicos dos intelectuais: son figuras públicas, parecen saber, ou polo

menos aparentan saber, de que están a falar e fano dun xeito que sexa comprensible para os non expertos. En calquera caso, son unha figura sociolóxica situada na sociedade dun xeito moi específico fronte a un conxunto de problemas sociais⁴.

Co fin de determinar máis claramente o concepto de «intelectuais» para a análise que imos realizar podemos definilos por exclusión, xa que nesta denominación non incluíríamos nin os xornalistas, que son os xestores da información, nin os políticos, que son protagonistas habituais desta. Tamén podemos definilos establecendo dous grupos: por unha banda, todos aqueles científicos e investigadores dunha materia concreta, que teñen un coñecemento especializado sobre unha determinada área, e por outra, os literatos e artistas, que son aquelas persoas que posúen un talento especial para algunha das disciplinas incluídas nas artes e, por esa razón, son coñecidos e admirados polo público.

Non podemos asimilar os intelectuais cos líderes de opinión, xa que estes últimos, segundo a meirande parte dos autores, son cidadáns influentes, calquera que sexa a escala (local ou social) do seu radio de influencia persoal, que exercen a función de actuar como catalizadores das opinións privadas que circulan polo seu contorno. Pero estes líderes de opinión non son necesariamente cultos, ilustres ou ilustrados, xa que poden exercer calquera actividade⁵, por oposición aos intelectuais, que deben contar cunha bagaxe cultural ampla. Tampouco imos entrar a valorar o papel dos intelectuais como elites no mundo da comunicación xa que se trataría dun tema excesivamente complexo e polémico.

Enfrontámonos, polo tanto, a un persoeiro público culturalmente preparado que se erixe en representante do pobo e en catalizador da opinión pública cun obxectivo propagandístico. Pero debemos ir máis aló xa que, como sinala Colomé:

4. Goldfard, J. *Los intelectuales en la sociedad democrática*. Madrid: Cambridge University Press, 2000. P. 42-43.

5. Gil Calvo, E., Ortiz, J. e Revuelta, M. *Manual para repensar la prensa*. Madrid: Editorial Debate, 2002. P. 20.

La irrupción de los medios de comunicación en general y de la televisión, en particular, en la vida política y en las campañas electorales y la totemización de la opinión pública como un ser que demanda a los políticos o les exige más soluciones a sus problemas cotidianos, ha transformado al clásico político educador en un político seductor del electorado a través de los medios de comunicación⁶.

Quizais por esta perda da función educativa do político e o consecuente achegamento a unha figura mediática faise máis sinxelo que os intelectuais «mediáticos» teñan unha maior facilidade para entrar no contexto político. Os intelectuais fan política e, como os políticos, empregan as técnicas de persuasión.

2.2 *A desinformación audiovisual e a prensa analítica*

No estudo que estamos a realizar imos centrarnos nos medios impresos, aínda que poidamos facer algunha referencia aos audiovisuais, debido a que os primeiros foron os empregados como fontes de maior fiabilidade. Debemos lembrar que nos atopamos ante unha catástrofe que serviu para confirmar a desconfianza dos españois nas televisións públicas, logo da polémica da folga xeral do 20 de xuño, cun tratamento informativo nesgado: «los propios gallegos fueron testigos de excepción de cómo el canal autonómico de Galicia, TVG, minimizaba la gravedad de los hechos prestando imágenes de normalidad y eludiendo grabar en los lugares afectados»⁷.

Algo semellante aconteceu coa radio autonómica. Desde foros críticos co Goberno acusouse á canle pública de interromper a intervención dunha invitada a un programa de radio cando esta

6. Colomé, G. *El príncipe mediático*. Barcelona: Editorial Mediterrània, 2004. P. 18.

7. García Matilla, A. «Superar la desmemoria y combatir la desinformación como condiciones inexcusables de la sociedad democrática» en *Ciclo de Otoño de Comunicación*. Universidad Complutense de Madrid e Universidad Pontificia de Salamanca. Setembro, 2002. <http://www.uned.es/ntedu/espanol/master/segundo/modulos/comunicacion%20audiovisual/matilla.pdf>. Documento activo o 29/09/04.

comezou a falar da «Plataforma contra a Burla Negra» integrada na iniciativa «Nunca Máis»⁸.

Na prensa analizada (*El País*, *El Mundo*, *ABC*, *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo* e *Diario de Pontevedra*) ademais da información sobre a catástrofe propiamente dita, que analizaba en amplitude e ata o mínimo detalle do acontecido, tamén atopamos os artigos que se centran en recoller as opinións, as declaracións e o criterio dos intelectuais. A liña editorial de case todas as cabeceiras foi de crítica á actuación do goberno e de apoio ás reivindicacións dos afectados.

Non se poden determinar con exactitude cales foron as razóns exactas que provocaron que a prensa seguira esta liña disidente respecto dos medios públicos, aínda que si podemos apuntar a posibilidade de que, como sucedera na Guerra do Golfo, a prensa tivera que realizar un exame detallado e reflexivo xa que era o único recurso que lle quedaba ante a inmediatez da radio e da televisión⁹. Tamén debemos ter en conta que a mobilización social iniciada polos intelectuais non podía ser agochada e a prensa limitouse a recollela tentando reflectir o sentimento popular.

Así, no período analizado (do 13 de novembro ao 5 de decembro) recolleamos as contribucións destes intelectuais na prensa para coñecer se esta foi importante desde o punto de vista cuantitativo e, por suposto, cualitativo e tentar determinar a liña argumental que seguiron. Tamén debemos ter en conta que a difusión das mensaxes dos intelectuais non se emprega só en casos puntuais como os que nos ocupan. A expresión «Os expertos opinan...» é común en todos os xornais sen que ás veces sexa necesaria nin sequera a identificación destes expertos e convértese nunha das principais fontes de información dos medios. Durante a catástrofe do Prestige este recurso foi amplamente empregado (como exem-

8. Información recollida na web <http://www.rebellion.org>, «La radio pública gallega no permite que los invitados a sus programas hablen sobre el desastre del Prestige» asinado por Kalegorria, con data 27 de decembro de 2002.

9. Iglesias Rodríguez, G. *La propaganda en las guerras del siglo XX*. Madrid: Arco Libros, 1997. Páxina 42.

plo: «Los expertos alertan de que la presión puede reventar los tanques y aumentar el vertido» en *La Voz de Galicia*, 20/11/02/, p. 4).

Tanto é así que durante a crise *El Correo Galego* incluía unha columna diaria baixo o cintoño «El experto» na que realizaba unha breve entrevista a unha persoa cualificada (xeralmente científicos).

3 ASPECTOS CUANTITATIVOS

Dos sete xornais analizados recollemos 44 novas en que un «intelectual» era o protagonista. Deste total 28 novas eran entrevistas con personalidades relevantes practicamente a totalidade (agás unha) foron realizadas a científicos ou técnicos sobre materias relacionadas coa catástrofe, maioritariamente sobre bioloxía e fauna mariña, aínda que tamén sobre dereito marítimo. Das restantes novas, unha gran parte (14) eran artigos de opinión escritos por persoas de recoñecido prestixio que foron publicados nas páxinas de información sobre o Prestige e atopamos algún caso en que se recollían declaracións realizadas por algunha personalidade pública (1) ou que estas declaracións se convertían directamente en nova (1).

Deste xeito podemos facernos unha idea do panorama ao que nos enfrontamos. Os xornais recollían a opinión dos científicos en forma de entrevistas. Pero debemos matizar que neste caso tratábase de entrevistas solicitadas polo xornal, polo tanto non podemos falar dunha intención persuasiva do intelectual xa que a mensaxe non partía da súa propia iniciativa. Nun segundo grao atopámonos con artigos de opinión e neste caso si que podemos apuntar certa iniciativa do intelectual de difundir unha mensaxe determinada.

Todos os intelectuais reflectidos nestes 44 artigos foron debidamente identificados co nome e cargo e deixando constancia da institución á que estaba vinculados, xeralmente organismos de investigacións claramente recoñecidos polos lectores. En moitos casos (29) acompañábanse as novas dunha imaxe e chama especialmente a atención o feito de que estas fotografías fosen en dous escenarios básicos: os laboratorios ou en despachos cheos de

libros. Confirmaban así un cliché ou estereotipo dun intelectual que sería identificado como tal polos lectores.

4 ASPECTOS CUALITATIVOS

Como xa sinalamos, a capacidade persuasiva dos medios de comunicación é moi grande. Pero esta función persuasiva pode valerse de dúas fórmulas básicas¹⁰:

1. Medios de natureza lóxica: son as probas de argumentación construídas a partir de lugares comúns e propios, mediante razoamentos indutivos como poden ser entimemas, razoamentos dedutivos ou exemplos.

2. Medios de natureza psicolóxica: son os elementos psicolóxicos vinculados aos caracteres do emisor, é dicir, valores ou virtudes que se lle atribúen a este e ás paixóns que poden suscitarse no destinatario co fin de reforzar a mensaxe.

A primeira liña de persuasión é máis facilmente defendida con criterios científicos. Trátase de que os técnicos e investigadores expoñan de xeito racional unha serie de ideas sobre a catástrofe. No segundo caso, habería que botar man de relatos con humanidade e que buscaran o punto sensible dos receptores. Esta busca da sensibilidade é máis facilmente realizable para os literatos e artistas.

4.1 Científicos: a batalla contra o CSIC

A comunidade científica galega demostrou unha gran capacidade organizativa. O 27 de novembro organizouse unha mesa redonda na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela sobre os efectos da marea negra, encontro que tivo o seu correspondente reflexo nos medios de comunicación¹¹. Igual que a iniciativa de dous profesores da Universidade de Vigo que

10. Reardón, K. K. *La persuasión en la comunicación*. Barcelona: Paidós, 1998. P. 45.

11. Pérez, P. «Biólogos vaticinan la muerte de 100.000 aves y la extinción de especies del fondo marino», *Faro de Vigo*. 28 nov. 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 42.

explicaron, no salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, a traxectoria da marea negra en función das correntes mariñas e do vento¹². A prensa deseguida se deu de conta do potencial informativo deste sector, pero non así o Goberno.

O propio vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo, Salustiano Mato de La Iglesia, escribiu un artigo, publicado en *Faro de Vigo*, no que insistía na máxima colaboración e dispoñibilidade total da institución, en todos os seus estamentos, para tentar paliar os danos causados polo fuel¹³. Nalgúns sectores da Universidade de Santiago existía un «profundo malestar por la escasa colaboración que, según afirman, se ha solicitado a los expertos que trabajan en los laboratorios para participar en la crisis generada a causa del vertido del Prestige»¹⁴.

De feito, desde un primeiro momento, facultades como as de Bioloxía ofreceron todos os seus coñecementos e apoio ás institucións encargadas de afrontar o problema. Os profesores composteláns queixáronse de que mentres expertos doutros países estaban a recoller mostras nas costas galegas, subvencionados polos seus propios estados, nas universidades da comunidade non se financiara ningunha investigación deste tipo.

(...) Estos días, cuando hace más falta la coordinación del mayor número de expertos trabajando sobre cómo atajar el chapapote, profesores de las universidades gallegas, a las que se han sumado otras del resto de España, han denunciado que sus investigaciones realizadas tras el accidente del Prestige «fueron ignoradas por las administraciones implicadas, que no solicitaron su colaboración ni su asesoramiento» (...)¹⁵.

12. Gallego, E. «Aprendiendo del petrolero», *Faro de Vigo*. 28 de novembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 48.

13. Mato de la Iglesia, S. «Disponibilidad absoluta», *Faro de Vigo*. 27 de novembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en alta mar). P. 48.

14. «Malestar en la Universidad de Santiago por el escaso apoyo solicitado», *La Voz de Galicia*. 28 de novembro de 2002. Sección A Fondo (Tragedia en el mar). Páxina 5.

15. Pablos Coello, J. M. de e Elías, C. «CSIC: chapapote de la ciencia española. O cómo se manipula información en catástrofes ecológicas», *Revista Latina de Comunicación Social*, número 53, xaneiro-febreiro de 2003. La Laguna (Tenerife), versión electrónica: <http://www.ull.es/publicaciones/latina/200353chapapote.htm>

Todos os xornais se fixeron eco destas queixas que ían acompañadas de críticas á xestión da catástrofe e avisos sobre a gravidade do acontecido ou da toxicidade do fuel. Os científicos preguntábanse nos xornais que expertos eran os que estaban asesorando o Goberno pois toda a xestión era un cúmulo de erros e despropósitos, segundo o seu criterio¹⁶.

Pero a «contrapropaganda» veu dada da man do CSIC. Os resultados das análíticas efectuadas polo Instituto de Investigacións Químicas e Ambientais de Barcelona, pertencente ao CSIC, foron motivo de discordia entre Greenpeace e os propios investigadores do organismo público, que desmentían as afirmacións dos ecoloxistas e dalgúns científicos de que o fuel do Prestige era prexudicial para a saúde¹⁷. Nestes momentos o papel do presidente do CSIC, Emilio Lora-Tamayo, foi, cando menos, polémico. A súa excesiva discreción foi asociada por algúns con opacidade informativa imposta polo Goberno. Nunca realizaba declaracións, agás nos momentos e lugares previstos¹⁸, polo que as súas achegas sobre a catástrofe chegaban moi tarde e foron moi mal recibidas:

(...) La desastrosa política informativa del gobierno sobre la catástrofe del Prestige pone de manifiesto uno de los vicios históricos de algunos gobernantes españoles: el secuestro de la información, que es pública, y el uso de algunos científicos afines al poder para dar credibilidad a las decisiones políticas o para cargar errores de ministros, a cambio de prebendas (...)¹⁹.

Pero estas réplicas do CSIC non conseguiron reducir o impulso dos científicos da universidade galega, que se reuniron na

16. Mojón, M. «¿Qué expertos apoyan al Gobierno?», *Faro de Vigo*. 23 de novembro de 2002. Páxina Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 41.

17. Axencias. «Investigadores del CSIC niegan que el fuel sea tóxico, como denuncian los ecologistas», *Faro de Vigo*. 3 de decembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 54.

18. Pomar, R. «El hombre tranquilo del Prestige», *La Voz de Galicia*. Novembro de 2002. Especial a Traxedia do Prestige. <http://www.lavozdeg Galicia.es/especiales/prestige> Documento activo 24/09/04.

19. Pablos Coello, J. M. de e Elías, C. Idem.

aula magna da Facultade de Químicas do campus de Compostela. O encontro converteuse nun foro de debate no que biólogos, enxeñeiros, químicos, mariños mercantes, ecoloxistas e estudantes tentaron analizar, con criterios racionais, as consecuencias do desastre²⁰. O encontro mereceu unha páxina completa no *Faro de Vigo*. Tamén debemos mencionar a ampla información que a Universidade de Vigo facilitou na súa web, abrindo unha páxina dedicada á «Marea negra do Prestige», con datos científicos documentados e incluso unha sección de opinión da comunidade científica²¹ que foi empregada como fonte fundamental por moitos xornais, especialmente polo *Faro de Vigo*.

4.2 Literatos e artistas: Burla Negra e Nunca Máis

Como xa mencionamos, a presenza de intelectuais do grupo de literatos e artistas foi menor nos xornais e moito máis destacada nos semanais destes mesmos xornais, onde non só escribiron relatos breves sobre o acontecido senón que se converteron en protagonistas da nova. *El País Semanal* dedicou unha ampla reportaxe á catástrofe recollendo relatos dos afectados e incluíndo o seguinte texto:

(...) El escritor Xurxo Souto ha dedicado buena parte de su tiempo a enriquecerse con las anécdotas de estos hombres. Habla con entusiasmo: «Galicia es una piedra clavada en el Atlántico. Frente a nuestras costas vive la corriente del Golfo, que nos da vida y nos comunica con los pueblos del norte (...)»²².

O papel destes literatos e artistas respecto dos medios de comunicación debe ser analizado desde dous puntos de vista. Por unha banda, a actuación organizada e de grupo e, por outra, de xeito individual, o papel de certos persoeiros que conseguen unha maior presenza mediática.

20. Mojón, N. «Los científicos toman la palabra», *Faro de Vigo*. 4 de decembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). Páxina 40.

21. <http://webs.uvigo.es/oma/mareanegra.htm>

22. Gómez, L. «La tormenta negra», *El País Semanal*. N.º 1367. Domingo, 8 decembro 2002. P. 45.

4.2.1 Actuacións de grupo

Os artistas demostraron, igual que os científicos, unha importante capacidade de mobilización. De feito, a Plataforma Cidadá «Nunca Máis» estaba composta por unha base social ampla (partidos políticos, sindicatos, confrarías de pescadores, asociacións de mariscadores, grupos ecoloxistas...) ²³ pero empregou os artistas como cabezas visibles, especialmente o escritor e xornalista Manuel Rivas e a voceira da formación, a cantante Uxía Senlle. Pero esta plataforma non naceu como iniciativa cultural xa que esta se veu recollida en «Burla Negra».

A) «Nunca Máis»

A plataforma creouse o 21 de novembro e o lema cobrou protagonismo na prensa desde o día seguinte ²⁴. O 22 o deputado do BNG Bieito Lobeira, o responsable de pesca dese partido, Xulio Villanueva, e Mariola González, concelleira de Marín, convocaban unha gran manifestación popular baixo o lema «Nunca Máis» ²⁵. Ao día seguinte xa se producía a primeira das concentracións con este mesmo lema na cidade de Vigo ²⁶ e pouco a pouco este colectivo foi cobrando un protagonismo fundamental na catástrofe demostrando unha gran capacidade de organización; de feito contaban na súa web cun centro de prensa onde se podía recoller información concreta sobre as súas actividades.

Esta plataforma estaba integrada por «colectivos sociais, políticos e sindicais» e foi dada a coñecer mediante unha rolda de prensa en Santiago de Compostela pola cantante Uxía Senlle e o escritor Manuel Rivas e coincidindo coa convocatoria dunha manifestación na capital de Galicia na que se reclamaría a demanda de declarar as costas galegas como zona catastrófica. Senlle e

23. No folleto editado por «Nunca Máis», no que se recolle o seu manifesto, a filosofía e o número de conta para as doazóns, non se fai ningunha referencia a que se trate dunha iniciativa de carácter cultural.

24. <http://www.plataformanuncamais.org>

25. «Convocan una manifestación bajo el lema “Nunca máis”», *Faro de Vigo*. 23 de novembro de 2002. Sección Pontevedra. P. 4.

26. «Isto é unha bomba de reloxería que hipoteca o noso futuro», *Faro de Vigo*. 24 de novembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 50.

Rivas aparecían na fotografía da nova sobre un cartel de «Nunca Máis». Nun só xesto confirmouse a tendencia deste colectivo: contaba cos medios de comunicación, pois presentábase nunha rolda de prensa, sustentábase no mundo da cultura, eran dous intelectuais os encargados de representala, e empregaba técnicas comunicativas con gran carga persuasiva, o «logotipo» de «Nunca Máis» converteuse nunha das «marcas» mellor identificadas polos españois.

Tamén desde o principio dentro da plataforma puxéronse en marcha iniciativas que tiñan unha compoñente cultural importante aínda que estas pronto se canalizaron a través de «Burla Negra».

B) «Burla Negra»

O *Faro de Vigo* daba conta o 27 de novembro da «(...) recién constituída Plataforma contra la Burla Negra, que está integrada por personas ligadas al mundo de la cultura, aunque está abierta a cualquier vecino (...)»²⁷.

A plataforma dábase a coñecer pola súa iniciativa de pechase en Laxe como protesta pola catástrofe. Nela estaban presentes os actores Miguel de Lira, cuxa fotografía era a que ilustraba a nova, Carlos Blanco e Suso Lista²⁸, de xeito que os intelectuais fosen os que personalizacen ao colectivo.

De feito, a plataforma «Burla Negra»²⁹ tivo maior presenza nos medios antes que a plataforma «Nunca Máis», que posteriormente sería a verdadeira protagonista. A diferenza da anterior, «Burla Negra» declaraba estar composta por «actores, escritores, pintores, escultores, creadores, profesores, comunicadores, pensadores, faladores... cidadáns deste País indignados e afectados, cheo de petróleo»³⁰ e igual que no caso anterior contaban cun símbolo,

27. «Miembros de la plataforma contra la Burla Negra organizan un encierro de protesta en Laxe», *Faro de Vigo*. 27 de novembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). P. 46.

28. O testemuño de Suso Lista é recollido en todos os xornais nacionais coa correspondente fotografía.

29. <http://burlanegra.vieiros.com/>

30. <http://burlanegra.vieiros.com/quen.php?lang=gal>

o lazo negro, que, non obstante, non tivo tanto éxito como a bandeira de «Nunca Máis».

4.2.2 A personificación

Dentro do colectivo dos intelectuais galegos implicados nas reivindicacións houbo unha serie de persoas que, por diversas circunstancias, tiveron unha maior presenza nos medios. Podemos falar especialmente de Manuel Rivas e Suso de Toro. Ambos os dous compartían a peculiaridade de ser escritores que colaboraban como xornalistas en diversos medios e, sobre todo, eran socialmente coñecidos fóra de Galicia.

A) Manuel Rivas

Quizais non foi casual que fora Manuel Rivas o encargado de ler o manifesto de «Nunca Máis» na manifestación de Compostela. Trátase dun autor recoñecido como galego pero que ao mesmo tempo estaba moi considerado en España. A súa imaxe lendo o manifesto na concentración do 1 de decembro en Compostela foi unha das máis difundidas polos medios de comunicación³¹. O Manifesto reuniu a exposición dunha serie de demandas, como a inmediata posta en marcha de servizos de prevención, co emprego dunha literatura que tentaba chegar á sensibilidade: «grazas especialmente ás familias do mar que están aquí, co peso da dor destas noites de vixilia sobre os seus ombros. (...) Xa estamos *petroleados* ata as praias da alma.»

Pero a presenza de Manuel Rivas desde a lectura do manifesto en Compostela foi cada vez maior. Publicou varios artigos en *El País*, entre os que podemos destacar «Balada maldita en las playas del Oeste», o 22 de novembro, un exemplo da narrativa deste autor cargado de indignación e desesperación pola impotencia ante a chegada da marea negra. Esa mesma desesperación foi expresada o 26 de novembro no programa da Cadena SER *Hora 25*, que se

31. Rivas, M. «Esta protesta es el SOS de un pueblo cansado de aguantar y sufrir», *Faro de Vigo*. 2 de decembro de 2002. Sección Sucesos (Marea Negra en la costa gallega). P. 14.

realizou en directo desde a lonxa de Camariñas e durante o cal o escritor expresou o seu malestar polo accidente. Tamén dispuxo de varios minutos para un texto moi semellante ao de *El País* titulado «Lamento de Galicia» en *Hoy por Hoy* tamén na Cadena SER a comezos de decembro e tamén numerosas entrevistas en moi diversos medios.

B) Suso de Toro

Tampouco parece casual que Suso de Toro concedera entrevistas en diversos medios de comunicación rexionais e nacionais³² personificando o sufrimento e a preocupación dos galegos polo desastre. Este escritor foi o autor dunha ampla reportaxe publicada en *El País Semanal* na que falaba da vinculación de Galicia co mar e do sentimento de abandono e indignación que estaban a sufrir os galegos³³. A obra de Suso de Toro está moi intimamente ligada ao mar e quizais por esta razón deseguida xurdiu a súa figura. Colaborador habitual dos medios de comunicación, contaba cunha fluidez narrativa adecuada para as intervencións en directo.

Suso de Toro era moi contundente nas súas declaracións pero, a pesar das súas críticas abertas ao goberno, en 2003 foi o gañador do Premio Nacional de Narrativa pola súa obra *Trece badaladas*.

C) Outros nomes propios

Ademais dos anteriores houbo outros intelectuais do grupo dos literatos e artistas que tiveron unha presenza especial, tal é o caso do escritor e actor Xurxo Souto, protagonista nas dúas reportaxes especiais que *El País Semanal* lle dedicou á catástrofe³⁴. Tamén mencionamos en varias ocasións a cantante Uxía Senlle e os actores Carlos Blanco e Miguel de Lira, este último cunha representatividade especial debido á súa identificación co personaxe de «Currás», o percebeiro da serie *Mareas Vivas*.

32. En «Encuentros Digitales» de *El Mundo*. <http://www.el-mundo.es/encuentros/invitados/2002/12/573/>. Documento activo o 21 de outubro de 2004.

33. Toro, S. de «Galicia, a la intemperie», *El País Semanal*. N.º 1367. 8 de decembro de 2002. P. 48-51.

34. Gómez, L. «La tormenta negra», *El País Semanal*. N.º 1367. Domingo, 8 decembro 2002, p. 45 e tamén Gómez, L. «Voces de Galicia», *El País Semanal*. N.º 1370. 29 de decembro de 2002, p. 50.

Pero, igual que sucedeu con Manuel Rivas ou Suso de Toro, os que quizais tiveron unha maior presenza nos medios eran aqueles persoeiros que estaban máis recoñecidos fóra de España, tal era o caso do actor Luís Tosar, que tivo un papel politicamente moi comprometido, tanto é así que formou parte das listas do BNG ás eleccións europeas.

Todos eles foron os protagonistas das concentracións, mobilización e diversos actos de protesta organizados nas diferentes cidades galegas e en Madrid. Non obstante, unha das poucas artistas que se deixou fotografar *in situ* foi Ana Belén, que visitou as praias das Illas Cíes o 19 de decembro³⁵. A meirande parte dos intelectuais realizaron un papel de «bardos» ou guías das protestas.

Pero sen dúbida un dos fitos artísticos de maior repercusión durante a catástrofe foi o falecemento de Man en Camelle (Camariñas). Manfred Man chegara a Camelle 41 anos atrás e construíra un museo de esculturas que levaban a vila a milleiros de turistas á beira do mar cos cantos torneados. Moitos xornais lembráronse deste peculiar artista cando o fuel tocou a costa³⁶ e semanas despois faleceu, co que se converteu nunha icona das protestas.

5 A PRODUCCIÓN CULTURAL DO PRESTIGE

O Prestige tivo efectos que chegaron ata o mundo da cultura e, sen dúbida, a conformación de «Burla Negra» supuxo un fito na historia recente de Galicia. Os intelectuais traballaban para defender os dereitos do pobo. O traballo en proxectos culturais multidisciplinares foi moi intenso: manifestacións diferentes, concertos, exposicións, publicacións... E un ano despois da catástrofe o movemento continuaba vivo. «Burla Negra» formulou o seu futuro barallando dúas opcións claras, ou disolverse ao ter cumpridos os seus obxectivos ou transformarse nunha base desde a que manter unha actividade e un traballo a prol do desenvolvemento de Galicia. Para analizar as dúas posibilidades, entre o 14 e

35. Dáz-Pachín, A. «Ana Belén pisa el chapapote», *La Voz de Galicia*. 20 dec. 2002. Sección Hechos y Figuras. P. 72.

36. Garrido, S. «El grito de Camelle», *La Voz de Galicia*. 29 nov. 2002. Sección A Fondo (Tragedia en el mar). P. 12.

o 15 de decembro de 2003 celebrouse en Santiago de Compostela o *Foro Negro*, no que se reuniron para analizar a situación da cultura en Galicia e o seu futuro. As conclusións foron moi enriquecedoras e cheas de boas intencións pero non se concretaron, xa que se organizaron grupos de traballo para desenvovelas con posterioridade.

Pero antes de todo isto, deberíase facer referencia a algunhas das actividades culturais que arredor do tema do Prestige se realizaron en Galicia. Foron moitas e moi diversas pero, desde a perspectiva que nos ocupa, debemos facer referencia ás que tiveron repercusión nos medios de comunicación.

Algunhas iniciativas procedían non de intelectuais coñecidos, senón de colectivos que se relacionan directamente coa actividade cultural. Tal e o caso da intervención no conxunto escultórico da glorietta de Compostela en Pontevedra, que apareceu o 30 de novembro cuberto cun plástico negro como alegoría da marea negra, a iniciativa dun alumno do Instituto Xunqueira I³⁷. Durante os primeiros días de decembro, os alumnos de Belas Artes da Universidade de Vigo proxectaron, na entrada da facultade en Pontevedra, un vídeo en que amosaban as praias da Costa da Morte³⁸.

Noutros casos o que tentaron os medios de comunicación foi obter opinións de intelectuais de primeiro nivel sobre a catástrofe. Así conseguíronse declaracións do Premio Nobel de Literatura José Saramago sobre o tema³⁹ e a comezos de decembro Rafael Álvarez «El Brujo» actuou no teatro Caixanova de Vigo e comezou o seu recital con versos de Rosalía de Castro, en solidariedade co pobo galego⁴⁰.

Pero o protagonismo fundamental seguía a estar nos intelectuais galegos. O *Faro de Vigo* daba conta de que «intelectuales

37. «El alcalde estima que la ría necesitará 10 000 metros de barreras para paliar la marea negra», *Faro de Vigo*. 1 de decembro de 2002. Sección Pontevedra. P. 10.

38. «Los alumnos de Bellas Artes proyectan vídeos sobre el desastre», *La Voz de Galicia*. 3 de decembro de 2002. Sección Pontevedra (Tragedia en el mar). Páxina 5.

39. «José Saramago: Nunca aprendemos nada», *Faro de Vigo*. 19 de novembro de 2002. Sección En Portada. Páxina 6.

40. «El teatro no puede permanecer ajeno a las tragedias que suceden», *Faro de Vigo*. 3 de decembro de 2002. Sección Última. Páxina 76.

gallegos, reunidos en el Círculo de Bellas Artes de Madrid, suscribieron un manifiesto de solidariedade con Galicia»⁴¹ e incluso incluían una imaxe de cinco destes intelectuais.

A actividade literaria foi especialmente intensa, con moitas iniciativas como a da poetisa Yolanda Castaño durante o encerro de «Burla Negra» en Laxe o 29 de novembro (*Negra negra coma esta sorte / a dos (i-)rresponsables / lentos coma o cabalo negro do máis malo / lenta coma a nosa sorte / negra negra coma esta sorte que haberemos de cambiar / dunha vez por todas*)⁴².

Pero estamos falando de expresións artísticas que non quedaron tan só na literatura; desde o mundo da arte tamén atopamos iniciativas como a de varios artistas gráficos que editaron unha colección de postais satíricas sobre a catástrofe, que se vendían a un euro. E tamén iniciativas musicais. O 20 de decembro *La Voz de Galicia* saca a venda un CD do grupo «Fuxan os ventos» titulado *Na memoria dos tempos*, cunha cuberta en que se pode ver unha praia *petroleada*, ou a improvisada actuación de Manu Chao en Malpica. Neste apartado merece unha especial mención a *Marea gaiteira*, que «Burla Negra» organizou en Compostela o 6 de decembro e que reuniu milleiros de persoas, moitas delas tocando a gaita, ou o *Concerto expansivo* que tivo lugar ás 10 da noite do 1 de febreiro de xeito simultáneo en 130 vilas de Galicia.

Todas as iniciativas foron esvaecéndose co paso do tempo e co aumento das adhesións dos intelectuais en contra da guerra de Iraq. Case poderíamos afirmar que o *Prestige* foi o «ensaio» para moitos deles. Podemos sinalar que unha das últimas accións que contou con ampla cobertura por parte dos medios foi a manifestación de Madrid, convocada varios meses despois do desastre, en febreiro de 2003, pola plataforma «Nunca Máis». O seu obxectivo era esixir a recuperación ecolóxica de Galicia, demandar as compensacións económicas para a comunidade e pedir a dimisión dos responsables políticos da catástrofe. Unha manifestación que se

41. «Solidariedade de Bellas Artes», *Faro de Vigo*. 4 de decembro de 2002. Sección Sucesos (Marea negra en la costa gallega). Páxina 38.

42. En «Caderno de Peche». Laxe, novembro de 2002. <http://burlanegra.vieiros.com>

producía pouco tempo despois da macro-mobilización de protesta contra a guerra que colapsara a capital.

Os medios de comunicación destacaron «artistas y famosos que se encontraran por todos los rincones de la comitiva»⁴³. De feito o acto de peche da marcha foi presentado polos actores Miguel de Lira e Carlos Blanco, logo falou Uxía Senlle, que interpretou o himno de «Nunca Máis» acompañada polo músico vigués Anxo Pintos, do grupo Berrogüetto. Logo interviñeron os actores Luís Tosar e Juan Diego Botto, que leron un manifesto de apoio á plataforma co título «Todos somos Nunca Máis». Manuel Rivas foi, de novo, o encargado de ler o manifesto final.

Nas novas dos xornais prestóuselle especial importancia á mobilización dos actores en Madrid, feito que sen dúbida gardaba relación coa gala dos Goya, que se celebrara uns días antes e na que todos os actores puxeron sobre a mesa e de xeito claro, a pesar da realización, as queixas contra o Goberno pola participación na guerra de Iraq e pola incompetencia no Prestige. A plataforma de artistas contra a guerra incorporou o «Nunca Máis» ás súas demandas. Así, na manifestación de Madrid estiveron presentes, entre outros, Guillermo Toledo, Javier Cámara, Juan Echanove, Ana Belén, Pastora Vega, Antonio Resines, Javier Bardem e Miguel Ríos. O grupo aragonés Amaral actuou en directo. Todo isto e a propia actividade dos manifestantes converteron a manifestación nunha verdadeira expresión cultural.

Logo diso, a actividade continuou aínda que con menor presenza nos medios de comunicación. Por exemplo, no primeiro verán despois da catástrofe a carpa «O país de Nunca Máis», organizada por «Burla Negra», percorreu Galicia dando a coñecer as iniciativas do colectivo nunha acción que case poderíamos catalogar como de relacións públicas.

Case un ano despois de que se producira a catástrofe un grupo de traballadores do audiovisual vinculados a «Burla Negra», Suso Iglesias, Xosé Pato e Carlos Ares, anunciou que constituíra

43. Rolland, E. e Grobas, R. «Una marea de gallegos clama en Madrid “Nunca Máis” y exige dimisiones», *Faro de Vigo*. 24 de febreiro de 2003. Sección Galicia. P. 35.

unha produtora cinematográfica denominada «Producións do País de Nunca Máis» para elaborar un filme sobre o Prestige ao estilo do coñecido documental «Fahrenheit 9/11». A película estaría composta por entre seis e nove curtametraxes de cadanseu director⁴⁴ pero non se tiveron máis novas sobre o tema aínda que si doutros desta mesma produtora como «Prestix», que quedou finalista na categoría mellor curtametraxe de animación nos Premios Mestre Mateo de 2003.

Esta iniciativa era só unha das moitas que se realizaron no eido audiovisual, onde se fixeron numerosos documentais, tanto en Galicia (*Aguíño resiste, o futuro existe*, de Sandra Sánchez; *Prestige, desastre na Costa da Morte*, de José Angel Montiel; *Muxía, política na Costa da Morte*, Ricardo Llovo; *A illa de loito*, Carlos Herbella; *Carcamáns*, Marcos Nine; *La costa herida*, Miko Roa, etc.) como fóra da Comunidade (*Soliloquio del Farero*, da produtora extremeña Libre Producciones, dirixida por José C. Manzano) e tamén curtametraxes (*Toxic Percebe*, de Licor Kafé Films, a Escola da Imaxe e Son de Vigo e a Produtora Faro) así como numerosísimas reportaxes para televisións de todo o mundo. Atopámonos ante unha iniciativa dos intelectuais galegos que tentaba difundir as súas mensaxes non a través dos medios de comunicación, senón de xeito directo.

A catástrofe e as súas consecuencias culturais tamén se manifestaron noutras moitas formas. Na literatura, a editorial Kalandraka, especializada en literatura infantil, foi das primeiras en anunciar en decembro de 2002 a publicación dun álbum de debuxos baixo o título *Nunca Máis. A ollada da infancia*, no que plasma a visión que os nenos galegos tiñan da catástrofe. En xaneiro Suso de Toro publicou *Nunca Máis, diario urxente dunha catástrofe*, en galego e catalán, no que se compilaban as crónicas xornalísticas deste autor; e tamén publicaría dúas obras máis en castelán e galego: *Nunca Máis. Galiza á intemperie* e *Nunca Máis*. Ademais tamén se escribiron numerosos ensaios como *Prestige: a catástrofe que*

44. «O Prestige serve de inspiración para un filme», *Vieiros.com*. 2 de novembro de 2003. Documento electrónico: <http://www.vieiros.com/noticia.asp?Ed=1&N=31513>. Documento activo o 29/09/01.

espertou Galiza?, da Editorial Candeia, elaborado por diversos autores, entre eles Xosé Luís Barreiro Rivas e Miguel Anxo Murado. Todas estas obras nunha liña claramente crítica co Goberno. En agosto de 2003 Galaxia presenta na Feira do Libro da Coruña a obra *No País de Nunca Máis*, con fotografías de Xurxo Lobato e textos de Manuel Rivas e Suso de Toro, entre outros. A Asociación de Escritores en Lingua Galega tamén deixa constancia escrita dos acontecementos en *Alma de beiramar*, unha escolma de textos de 80 autores. Incluso houbo iniciativa desde a ficción, como *O corvo de Chapapote*, editado por A Nosa Terra, do escritor Luís Rei Núñez, que narra a historia dun xornalista da TVG que ve naufragar a súa vida canda ao Prestige. Tamén o libro infantil de Agustín Fernández Paz, *A praia da esperanza*.

Tamén a produción musical foi moi abundante. A primeira selección de cancións aparece xa en febreiro e leva o título da plataforma, *Nunca Máis*, Ruxe, ruxe, Luz Casal, Ana Belén e Víctor Manuel, Túzaros... ceden os seus dereitos desinteresadamente. Tamén se publicaron outras recompilacións como *Bágoas Negras*, *Euskadi Galiziarekin*, *Marea de Música*. Transcorrido o primeiro ano desde a catástrofe, «Burla Negra» lanza *Sempre mar*. Tamén se produciron obras que circularon por vías alternativas, como *Top Manta*, *Chapapote Mix* ou as pezas *Aserefuel* ou *Caucarraucau*.

No mundo gráfico, a maioría das exposicións que se ocuparon do Prestige tiveron un carácter itinerante. Podemos mencionar, entre moitas outras, a exposición fotográfica organizada polo Colexio de Xornalistas de Galicia (fotoxornalismo), a de obras gráficas promovida polo Colectivo Chapapote, a mostra de arte de diferentes disciplinas promovidas por artistas de Vilagarcía de Arousa ou a da Asociación Galega de Artistas Visuais.

6 CONCLUSIÓNS

A actuación dos intelectuais como verdadeiras «células de crise» foi exemplar. A súa capacidade de organización e mobilización non pasou desapercibida e tivo efectos en todas as fronteas. Non só conseguiron unha gran repercusión mediática de todas as

súas accións, senón que se converteron nos voceiros do pobo. Cando os medios de comunicación querían saber como se sentía o pobo galego ante a catástrofe acudían, en moitas ocasións, a Manuel Rivas, Suso de Toro ou outros intelectuais.

Quizais o máis rechamante de todo o proceso é que a unión dos intelectuais produciuse contra o Goberno (tanto autonómico como nacional), converténdoo no inimigo fundamental. Así, o mundo da cultura e da ciencia estaba ao lado do pobo e en contra do Goberno, establecendo un guión moi claro no que cada un tiña o seu papel. Seguindo a Goldfard, «aunque es natural que los intelectuales se vuelvan hacia el público, no sucede fácilmente en las democracias. La estrecha interacción del intelectual y su auditorio (...) es reemplazada por procesos industriales y post-industriales desinteresados: las comunicaciones de masas, las relaciones públicas, la industria cultural...⁴⁵».

No caso que nos ocupa podemos falar dunha conxunción de ambas as posibilidades xa que os intelectuais se volveron cara ao público, participando de xeito directo das mobilizacións e protestas pero tamén se serviron dos medios de comunicación para acadar unha maior difusión das súas mensaxes, na maior parte dos casos contra o Goberno.

Aínda que Chomsky fala da *cultura disidente* como aquel movemento que, a pesar de toda a propaganda e de todos os intentos de controlar o pensamento e fabricar consenso, disente e provoca unha serie de cambios de importancia⁴⁶, neste caso debemos matizar que non podemos falar dun movemento reactivo, de resposta contraria á propaganda exercida polo Goberno, senón que se trata dun movemento proactivo, xa que a iniciativa non foi a de agardar pola estratexia que ían poñer en marcha as institucións, senón que se actuou antes de que estas puidese poñer en marcha ningún tipo de táctica. Feito este que era moi novo para Galicia.

45. Goldfard, J. *Los intelectuales en la sociedad democrática*. Madrid: Cambridge University Press, 2000. P. 60.

Pero debemos concretar aínda máis e sinalar que se trata da análise do papel dos intelectuais galegos. Se estamos falando dun colectivo que transmitiu mensaxes con contido propagandístico, esta propaganda debería ter un obxectivo ou finalidade xa que este tipo de comunicación se caracteriza por buscar un beneficio (ideolóxico) para o emisor. Neste caso e a grandes trazos, podemos apuntar que a finalidade dos intelectuais era defender a sociedade que os situaba como persoas de prestixio. Se temos en conta que «Del mar, Galicia extrae también buena parte de su cultura», poderíamos afirmar que durante a catástrofe do Prestige os intelectuais tan só se dedicaron á defensa do seu terreo, do seu espazo social.

Para camiñar na defensa deste obxectivo empregaron, probablemente de xeito intuitivo, unha serie de técnicas persuasivas propias da comunicación propagandística, como a repetición de conceptos, a creación de símbolos, a determinación dun inimigo común, a argumentación lóxica e a apelación aos instintos. Podemos falar polo tanto dun movemento cultural cunha gran capacidade para conectar co público que estableceu unha estratexia proactiva contra o poder establecido. Este movemento probablemente non acadaría o nivel de implicación social que conseguiu se non fose conducido polos denominados «intelectuais» xa que eran os que contaban con maior recoñecemento social para abandonalo. Neste contexto atopámonos ante un novo exemplo de como as personalidades do mundo da cultura e da ciencia están chamadas a liderar a loita e a defensa dos valores sociais básicos, desde os máis esenciais dereitos humanos ata os relacionados coa defensa do contorno cultural ou a ecoloxía, un papel que deben asumir con ética e liberdade.

46. Chomsky, N. e Ramonet, I. *Cómo nos vende la moto*. Barcelona: Icaria, 1997. P. 30-31.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BEIRAS, X. M. *A catástrofe do «Prestige»*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2003.
- COLOMÉ, G. *El príncipe mediático*. Barcelona: Editorial Mediterrània, 2004.
- CHOMSKY, N. e RAMONET, I. *Cómo nos vende la moto*. Barcelona: Icaria, 1997.
- CUENCA TORIBIO, J. M. *Intelectuais políticos contemporáneos*. Sevilla: Universidad de Sevilla, 1998.
- GARCÍA GORDILLO, M. M., «Mecanismos para la creación de héroes y anti-héroes para la opinión pública internacional en períodos de guerra» en http://www.portalcomunicacion.com/bcn2002/n_eng/programme
- GIL CALVO, E., ORTIZ, J. e REVUELTA, M. *Manual para repensar la prensa*. Madrid: Debate, 2002.
- GOLDFARD, J. *Los intelectuales en la sociedad democrática*. Madrid: Cambridge University Press, 2000.
- PÉREZ GARCÍA, D. *Técnicas de Comunicación política. El lenguaje de los partidos*. Madrid: Tecnos, 2003.
- HUICI MÓDENES, A. *Estrategias de la persuasión. Mito y propaganda política*. Sevilla: Alfar, 1996.
- REARDON, K. K. *La persuasión en la comunicación*. Barcelona: Paidós, 1998.
- RUSHKOFF, D. C. *Por qué hacemos caso a lo que nos dicen*. Barcelona: La Liebre de Marzo, 2001.
- IGLESIAS RODRÍGUEZ, G. *La propaganda en las guerras del siglo xx*. Madrid: Arco Libros, 1997.